CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 1a planta
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
sxt.medio-rural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

DONA ROSA CELIA OTERO RAÑA, como Presidenta do Consello Galego de Usuarios e Consumidores, ante ese organismo comparece e como mellor proceda,

EXPÓN:

Que fai uns días lle foi remitido borrador do ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA para que formule as observacións que considere oportunas no prazo máximo de quince días hábiles; polo que, evacuando o trámite que se lle confire, a medio do presente escrito, ven formular as seguintes

ALEGACIÓNS

PRIMEIRA.- Entrando nunha primeira valoración xeral do texto decir que mostramos unha opinión positiva do mesmo non so polo feito de que efectivamente resultaba totalmente necesaria unha nova regulación da materia dada a súa innegable transcendencia senón tamén pola necesidade de actualización aos novos tempos.

Se trata de un texto bastante longo e detallado se ben tamén é certo que en varios dos seus artigos se remite a unha posterior regulación regulamentaria polo que consideramos importante, tendo en conta que a materia que regula o novo texto é de suma importancia, que non se demoren os tempos en desenvolver a normativa complementaria que sexa necesaria para que a lei poda cumplir de xeito adecuado todos os seus obxectivos e non se quede nunha mera declaración de principios e intencións.

Como ben se sinala na exposición de motivos a regulación vixente na actualidade na nosa comunidade data do ano 2005 resultando, por tanto, urxente unha actualización da mesma non só para adaptala as novas normas europeas e estatais senon tamén á evolucion que sufriu nestes anos o sector alimentario sendo moitas as empresas alimentarias galegas que están a facer unha importante aposta pola diversificación dos seus productos, a calidade, a innovación e a apertura a novos mercados

CONSELLO GALEGO DE CONSUMIDORES E USUARIOS
Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo - 15707 SANTIAGO - Tel. 981 95 73 97 - Fax 881 99 90 89

Certo tamén que, o mesmo tempo, a cidadanía aumentou a demanda de produtos de calidade e mais sostibles, así como de produtos tradicionais e locais, ó que fai necesario comunicar ós consumidores as características da súa produción, identificando claramente os seus produtos e evitar a fraude alimentaria. Neste contexto adquire especial relevancia a protección, fomento e desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada e que permiten as persoas consumidoras identificar os produtos con valores e utilidades que merezan a súa confianza.

Indicar tamén a importancia de que se inclúa na nova norma un capítulo dedicado a sostibilidade da cadea alimentaria así como ao correspondente certificado pero insistindo en que a lei require nesta cuestión desenvolvemento normativo tanto en canto as normas comúns que deben conter os pregos de condicións, a composición e funcionamento dos comités de sostibilidade así como os requisitos para a autorización das entidades certificadoras. Deste xeito, se non se procede á unha elaboración rápida de mencionada lexislación, o texto que se presenta perde case toda a súa virtualidade.

SEGUNDA.- Entrando xa na analise do texto o primeiro que nos gustaría salientar é que, para unha maior comprensión do mesmo e da súa estructura, consideramos que sería oportuno que se dividise o Titulo VII en dous e que, por tanto, se crease un novo Titulo VIII, de xeito que, no primeiro deles se regulase unicamente a Inspección e as medidas cautelares e, no segundo, todo o relativo o rexime e procedemento sancionador.

A suxestión que propoñemos sería, por tanto, a seguinte:

- Titulo VII: "Inspección e medidas cautelares" con dos capítulos:
    - Capítulo I: Inspección (artigos 87 a 95)
    - Capítulo II: Medidas preventivas e preventivas (artigos 96 a 101).
- Titulo VIII: "Réxime e procedemento sancionador" con 4 capítulos:
    - Capítulo I: Normas comúns en materia sancionadora (artigos 102 a 106)
    - Capitulo II: Infraccions en materia de calidade alimentaria (artigos 107 a 109)
    - Capitulo III: Sancions (artigos110 a 114)
    - Capitulo IV: Procedemento sancionador e órganos competentes (artigos 115 a 116).

TERCEIRA.- Entrando no contido de cada artigo en concreto, facemos as seguintes consideracións:

Artigo 16.- (Obrigas xerais das persoas operadoras alimentarias). Considerase axeitado:

- No apartado 2.f) aumentar o prazo de cinco anos a oito ou dez anos.

- Engadir un apartado que recolla entre as obrigas a de estar inscritos nos rexistros administrativos obrigatorios ou, no seu caso, ter realizada a comunicación previa de inicio de actividade, ou declaración responsable, cando así veña esixido pola normativa de aplicación.

Artigo 22.- (Rexistro dos produtos). No apartado 5, se propón que, atendendo á seguridade alimentaria, se apliquen criterios epidemiolóxicos a fin de una posible aparición de enfermidades letais, por lo que se considera razoable ampliar o prazo de conservación como mínimo a oito ou dez años.

Artigo 53.- (Publicidade dos cargos dos consellos reguladores). Resulta aconsellable fixar un prazo para as comunicaciones ás que se refire o artigo.

Artigo 58.- (Revogación da autorización). No punto 4 resulta necesario engadir, entre as materias obxecto de desenvolvemento regulamentario, o procedemento de suspensión.

Artigo 92.- (Actuación da inspección): Aclarar o final do apartado 1 que para realizar as operación anteriores os inspectores poderán acceder libremente, en calquera momento e sen previa notificación.

Artigo 96.- (Adopción), apartado 3:

- No párrafo 2º aclarar se o plazo de quince días para confirmar, modificar o levantar as medidas cautelares, son días naturales o hábiles, xa que no parágrafo 1º cando se establece un prazo máximo de audiencia a persoa interesada se especifica que son tres días hábiles.

- No parágrafo 3º, consideramos que o acordo de iniciación debe conter sempre un pronunciamento sobre as medidas cautelares.

Artigo 98.-(Destino dos produtos sometidos á inmovilización cautelar). No apartado 1 aclarar se os quince días son hábiles o naturales, pola mesma razón anteriormente exposta.

Artigo 110.- (Sancións): Consideramos oportuno limitar os casos de apercibimeento e tamén ter en conta nas sancions e tamén o beneficio económico obtido. De xieto que a nosa suxestión é que a súa redacción pase a ser a seguinte:

a) As infraccións leves serán sancionadas con apercibimentos ou multa de ata 4.000 euros, podendo exceder esta cantidade ata alcanzar o valor dos produtos obxecto da infracción. O apercibimento só se imporá se non mediase dolo e nos últimos dous anos o responsable non fose sancionado en vía administrativa pola comisión de calquera outra infracción das establecidas nesta lei e a conducta careza de efectos sobre a saúde pública, os intereses dos consumidores e a credibilidade do sistema alimentario.

b) As infraccións graves serán sancionadas con multa entre 4.001 e 150.000 euros podendo exceder a dita cantidade ata alcanzar o 5% do volume de vendas dos productos obxecto da infracción correspondente ó exercicio económico inmediatamente anterior ó de iniciación do procedemento sancionador.

c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa entre 150.001 e 3.000.000 de euros, podendo exceder a dita cantidade ata alcanzar o 10% do volume de vendas dos produtos obxecto da infracción correspondente ao exercicio económico inmediatamente anterior ao de iniciación do procedemento sancionador.

Artigo 113.- (Medidas non sancionadoras) engadir que tampoco terán carácter de sanción:

- a suspensión temporal ou definitiva do dereito ao uso da denominación cando iso sexa resultado do incumprimento dos requisitos que as disposicións correspondentes esixen para o uso dos distintivos da denominación.

- a retirada, cautelar ou definitiva, das canles de produción ou distribución daqueles produtos que sexan subministrados por establecementos que carezan da preceptiva autorización.

Por todo o anterior,

SOLICITA que tendo por presentado este escrito, se teña por cumprido o correspondente trámite de ALEGACIÓNS e sexan tomadas en consideración aos efectos oportunos .

A Coruña, a 26 de xullo de 2022

Asdo. ROSA C. OTERO RAÑA
PRESIDENTA DO CONSELLO GALEGO DE CONSUMIDORES E USUARIOS